



R completa a oferta do seu *Combo sen fin* con *Netflix* e o novo servizo *WiFi Mesh* por só 19 € ao mes

- ***Combo sen fin con Netflix inclúe Netflix HD e o novo servizo WiFi Mesh, con xigas ilimitados na liña principal, internet 500 megas, TV con deco 4K e fixo. E todo por só 19€ ao mes durante catro meses.***
- ***Adicionalmente, todos os clientes de R que contraten ou dispoñan de calquera das modalidades de Combo sen fin, poderán gozar do pack Netflix Fan de agasallo durante catro meses, que permite gozar de todos os contidos de Netflix e de 10 GB extra ao mes no móbil.***
- ***Ademais, co innovador servizo WiFi Mesh, R ofrece un 100% de cobertura wifi na vivenda, máis velocidade na conexión de wifi e maior estabilidade en todos os dispositivos.***
- ***Con Combo sen fin poderase gozar tamén das mellores tarifas nas liñas móbiles adicionais que se queiran contratar dende só 8 €/mes.***

Venres, 22 de xaneiro de 2021. R comeza 2021 engadindo novas prestacións á oferta e mantendo o prezo máis competitivo do mercado. O seu *Combo sen fin* incorpora novas e exclusivas vantaxes para clientes que queiran gozar do mellor.

Agora, co novo *Combo sen fin con Netflix*, os clientes que se pasen a R contratando un *cuádruplo play* con xigas ilimitados no móbil poderán gozar das novas vantaxes: o servizo de subscrición Netflix na súa modalidade de HD e, como novidade, o novo servizo *WiFi Mesh*. E todo, por só 19 euros por mes durante catro meses.

Co novo *Combo sen fin*, R ofrece a mellor calidade, coidando ao máximo a experiencia de cliente cunha oferta sinxela, que ten todo o que pode precisar.

Nova modalidade de combo: *Combo sen fin* con Netflix

R completa a grande oferta de TV para os seus clientes/as con esta proposta que inclúe Netflix HD, que permite acceder a Netflix en 2 pantallas de forma simultánea. Desta maneira, os/as clientes/as de banda ancha poderán gozar do amplo abanico de contidos de entretemento que ofrece a plataforma Netflix (series, películas, documentais e títulos infantís) desde calquera dispositivo.

Ademais, coa TV de **R** e o seu deco Android 4K, para ver Netflix só hai que pulsar o botón da plataforma no mando a distancia.

Agora, nos *Combos sen fin*, Netflix Fan de agasallo para novos e xa clientes

Todos os clientes de **R** que xa dispoñan de calquera das modalidades de *Combo sen fin*, así como os novos clientes que contraten calquera dos *packs* de *Combo sen fin*, poderán gozar do paquete Netflix Fan de agasallo durante catro meses e 10 xigas extra ao mes no móbil en calquera das liñas móbiles que o cliente elixa, ou unha nova SIM de datos, para non consumir os da tarifa móbil.

A nova promoción do servizo Netflix Fan de agasallo está dispoñible tamén para os xa clientes de **R** que se pasen a *Combo sen fin*.

Maior cobertura de wifi no fogar con *WiFi Mesh*

E agora, **R** mellora aínda máis as súas prestacións e dálle un xiro á súa oferta cun servizo innovador: *WiFi Mesh*. Con *WiFi Mesh*, o cliente disporá da mellor conexión wifi no fogar en todo momento cunha cobertura total, ao colocar tantas caixas *WiFi Mesh* como se precisen en calquera estancia da casa. Actualmente, *WiFi Mesh* é a tecnoloxía wifi máis avanzada e potente, pois consegue un 100 % de cobertura en toda a vivenda. Ademais, con *WiFi Mesh* acádanse velocidades moito maiores en wifi que con outros dispositivos, como PLC ou repetidores, e cun sinal máis estable.

Ao mesmo tempo, **R** ofrece a posibilidade de xestionar a rede wifi dende a súa *app* para, así, por exemplo, consultar e cambiar o nome da rede wifi, resetear o contrasinal, consultar que dispositivos están conectados á rede, permitir ou bloquear a navegación dos dispositivos e realizar un diagnóstico automático da rede para detectar posibles problemas e solucionalos no momento.

Con *WiFi Mesh*, o cliente de **R** disporá dun 100 % de cobertura wifi na súa vivenda, máis velocidade na conexión e maior estabilidade en todos os dispositivos do fogar.

As mellores tarifas nas liñas móbiles adicionais

Así mesmo, **R** ofrece en *Combo sen fin* una gran mellora nas tarifas móbiles adicionais que se queiran contratar xunto coa liña principal. Con *Combo sen fin* pódese contratar a primeira liña adicional de 30 xigas por só 8 euros ao mes durante 24 meses.

Con esta oferta, **R** dá un novo paso no seu propósito de comercializar un produto forte, cunha oferta de valor para todos os seus clientes, obxectivo que constitúe un dos piares estratéxicos da compañía; e todo iso, co compromiso de ofrecer a mellor calidade de telecomunicacións aos prezos máis competitivos do mercado.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal